

**ORDE do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para apoiar iniciativas de emprendemento e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. DOG Nº 25 (05/02/2024)**

## Obxectivo

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública de subvencións de apoio ao emprendemento para as persoas traballadoras autónomas e pequenas e medianas empresas, incluíndo cooperativas e sociedades laborais, que **se atopen de alta e iniciasen a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2022** no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024 (código de procedemento TR880A)

## Beneficiarios

- Personas traballadoras autónomas
- Mutualistas
- Pequeñas y medianas empresas
- Cooperativas y sociedades laborales
- Empresas de inserción y los centros especiales de empleo, previstos en el artículo 6 de la Ley 6/2016, de 4 de mayo, de la economía social de Galicia,

## Conceptos subvencionables

1. Serán subvencionables os investimentos que correspondan de xeito indubidable ao proxecto empresarial constituído ou dado de alta, segundo a natureza xurídica da entidade de que se trate, e que **iniciase a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2022**:

- 1) Equipamento informático.
- 2) Activos intanxibles: activos que non teñen unha materialización física ou financeira.
- 3) Investimentos en eficiencia enerxética.
- 4) Adquisición de bens de equipamento e mobiliario.
- 5) Reforma e habilitación das instalacións do local de negocio.
- 6) Gastos notariais e/ou rexistras.
- 7) Gastos de alugamento de inmobles para a realización da actividade.
- 8) A adquisición de activos pertencentes a un establecemento ou de bens de equipo de segunda man serán subvencionables sempre que cumpran os seguintes requisitos:
  - Que os activos sexan adquiridos a unha persoa terceira non relacionada coa persoa compradora.
  - Que conste unha declaración da persoa vendedora sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria

3. Os investimentos terán que estar realizados e pagados dentro do prazo de execución, que abrangue **dende o 30 de setembro de 2023 ata a data da presentación da solicitude**

## Intensidade de axuda

A contía da axuda terá as seguintes porcentaxes de intensidade en función do rango de investimento total realizado:

- a) Con investimentos de **5.000 €** ou máis ata un límite de **10.000 €**, a contía da axuda será do **60 %** do investimento.
- b) Con investimentos de **10.001 €** ou máis ata un límite de **30.000 €**, a contía da axuda será do **50 %** do investimento.
- c) Con investimentos de **30.001 €** ou máis ata un límite de **50.000 €**, a contía da axuda será do **40 %** do investimento.
- d) Con inversións de **50.001 €** ou máis ata un límite de **100.000 €**, a contía da axuda será do **30 %** do investimento

## Presentación de solicitudes

Dende o **12 de febreiro** ata o **28 de xuño de 2024** ou agotamento de presuposto